



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

XDO. DE INSTRUCCIÓN N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

-

RUA VIENA S/N
Teléfono: 981540425/6/7 **Fax:** 981540428
Equipo/usuario: RF
Modelo: 745500

DPA DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0002261 /2018

N.I.G: 15078 43 2 2018 0006088
Delito/Delito Leve: CALUMNIA
Denunciante/Querellante: MARIA DEL MAR SANCHEZ SIERRA
Procurador/a: EVA MARIA TOME SIEIRA
Abogado:
Contra: MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ
Procurador/a: MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ RODRIGUEZ
Abogado: MANUEL MEIRIÑO SÁNCHEZ

DECLARACIÓN DE INVESTIGADO MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ

En SANTIAGO DE COMPOSTELA, a veinticinco de abril de dos mil diecinueve.

Ante S.S^a con mi asistencia la Letrada de la Administración de Justicia comparece el arriba anotado, a quien se le informa de los derechos reconocidos en el/los artículo/s 118 y 520 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal y de forma comprensible de los hechos que se le imputan.

Preguntado sobre si ha comprendido sus derechos, manifiesta que sí.

A continuación se le requiere por mí, el/la Letrado de la Administración de Justicia, para que designe Abogado que se encargue de su defensa, si no lo tuviere ya nombrado, con el apercibimiento de que, de no hacerlo será asistido por Abogado del turno de oficio, sin perjuicio de su derecho a designar durante el curso de la causa a un Abogado de su elección, manifestando a este requerimiento:

Que designa al Abogado D. Manuel Meiriño Sánchez, colegiado nº 1239.

Comparecen también a la declaración el letrado de la parte querellante D. Jesús Alonso Alvarez col. 1116 de Santiago.

Interrogado manifiesta llamarse MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ, titular del documento de identidad 32413124Y, con domicilio en CALLE JUAN CASTRO MOSQUERA nº 28 2 DCH - 15005 - A CORUÑA y teléfono 630389871.

Preguntado acerca de los hechos que han dado lugar a la instrucción de estas diligencias, declara:



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

Que se acolle o dereito a non declarar as preguntas do querelante.
Pola parte querelante se aportan preguntas por escrito que se unen a causa.

Que a maior parte do contido da querela é falsa.

Que reconece que editou as publicacións e enviou os correos electrónicos pero non a súa autoría.

Respecto aos tres correos unidos as actuacións, que o do folio 39 si que o mandou e o do folio 44 tamén. Que o do folio 53 que é un comunicado tamén se mandou desde a entidade que representa Xornal Galicia. O do folio 61 tamén o mandou e forma parte dunha información publica na web e en distintos medios de comunicación. O do folio 70 tamén o mandou e é público no DOGA.

Os textos xornalísticos editounos Xornal Galicia sendo el o Director.

Respecto da querelante recadou información desde que entraron no poder desde o 2009 máis ou menos como doutros cargos políticos de diferentes partidos. Para obter a información consultou páxinas webs institucionais, a comisión de transparencia de Galicia, e ás propias entidades das que forma parte a querelante como Fundación Camilo José Cela e Parlamento de Galicia. Que se lle solicitou por escrito que confirmaran a información antes de publicala, e que nunca lle contestaron ata esta querela.

Que os indicios das irregularidades atribuídas a querelante os deduce de diversas información públicas entre elas sentenzas condenatorias das institucións. Entende que da información publicada polas institucións públicas se deriva a suposta comisión de delitos por parte de querelante.

Preguntado se ten probas de que a querelante era amiga de Adelaida Dominguez, que o deduce de que aparecen xuntas en fotografías e que o home de Adelaida obtivo adxudicacións da Secretaría de Medios, porque reciben con mesmo nif fondos públicos para un xornal co mesmo nome que o do declarante.

Que desde que denunciou a financiamento ilegal da web do PP se sinte coaccionado polas querelas interpostas, como a que nos ocupa. Que esta persecución lle está a producir problemas médicos e que doou o seu cadáver ao Presidente da Xunta, para sentirse máis protexido das ameazas e coaccións que sinte.

Preguntado por se sinte ameazas de morte por parte da querelante. Manifesta que se sinte coaccionado.

Que a Mar Sánchez incluína como responsable civil subsidiario nunha denuncia interposta contra Adelaida por uso irregular de fondos públicos e tocou no xulgado de Pontevedra pero descoñece no estado que se atopa, requirírono para designar avogado e non o fixo.



Que non coñece de nada a Oscar Gutiérrez que contactou co declarante para pedirlle documentación, que lle enviou documentación sobre as adxudicacións a Adelaida. Cre que era do medio "El Público" ou "El Plural".



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

Que as expresións como "mercenaria política" están vinculadas ás fontes orixinais, que el non é o autor. Pero el copiou e editou o texto con esas expresións.

Preguntado se sabe que esas expresións son valoracións cando as inclúe nos seus textos manifesta que el o que fai e editar e copiar.

As fotografías e viñetas que figuran nos textos si son feitas por el. Que as utiliza por humor e porque están relacionadas coa reportaxe. Que non existe ningunha información que vaia contra a faceta persoal da querelante senon contra a pública.

Preguntado que se pensa que desprestixia a querelante con esas publicacións. Di que non que en todo caso son agrias.

Preguntado pola finalidade do envío dos correos. Que é o medio habitual de todos os medios de comunicación, que fai os comunicados en nome de Xornal Galicia a enderezos de correos públicos.

Preguntado se distingue entre presentar unha denuncia ou publicar esas informacións que supón de actos delitivos, que considera que é información e non ten ánimo de desprestixiar.

Cando fala de que Mar Sánchez toma o control do acoso contra o declarante refírese aos distintos procesos de conciliacións, que Mar o acosa a través de terceiros.

Que non entende que cando non responden con desmentidos sexa determinante da comisión dun delito por unha persoa pero si interpreta que non queren aclarar a situación.

Que non é de Santiago, non vive en Santiago e supónlle un coste desprazarse a Santiago.

Que quere unir un escrito con documentación do que se da copia neste acto a outra parte.

Tamén aporta un CD que contén documentos.

Leída, se afirma y ratifica en su contenido haciéndose entrega de copia de la declaración al/los letrados asistente/s a la misma firmando junto con S.S^a. Doy fe.